



BOP

VIERNES, 28 DE ENERO DE 2011

Nº 022

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

Anuncio

RESOLUCIÓN DO 29 DE DECEMBRO DE 2010, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA POLA QUE SE AUTORIZA ADMINISTRATIVAMENTE E SE RECOÑECE A CONDICIÓ DE INSTALACIÓN ACOLLIDA AO RÉXIME ESPECIAL DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA ÁS INSTALACIÓNS DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO FONSECA (POUSADOIRO – FONSECA FASE II), EMPRAZADO NOS CONCELLOS DA PONTENOVA, RIORTORTO E MEIRA E PROMOVIDO POR GAMESA ENERXÍA, S.A. (EXPEDIENTE 115-EOL).

Examinado o expediente instruído a solicitude da sociedade Gamesa Enerxía, S.A., con domicilio a efectos de notificación na rúa Antonio Gómez Vilasó - Bloque 3 - Portais 2 e 3, 15702 Santiago de Compostela, relativo a autorización administrativa das instalacións do proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro – Fonseca Fase II), emprazado nos concellos da Pontenova, Riotorto e Meira, resultan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro. O 29 de xaneiro de 2007 (DOG nº 26, do 6 de febreiro), a Consellería de Innovación e Industria dita resolución pola que se publica a relación de solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos admitidas a trámite ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2006, entre as cales se atopa a do proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro – Fonseca Fase II), para unha potencia de 26 MW.

Segundo. Con data 6 de febreiro de 2007, Luís Caamaño Martínez, en nome e representación de Gamesa Enerxía, S.A., solicita a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, aprobación do proxecto sectorial, declaración, en concreto, de utilidade pública e o recoñecemento da condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica das instalacións do parque eólico Fonseca (Pousadoiro – Fonseca Fase II), de acordo co disposto polo artigo 18 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia e polo Decreto 436/2004, do 12 de marzo, polo que se establece a metodoloxía para a actualización e a sistematización do réxime xurídico e económico da actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

Terceiro. O 3 de outubro de 2008, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo informa favorablemente o proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro – Fonseca Fase II).

Cuarto. Por resolución do 24 de outubro de 2008 da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo, someteuse a información pública para autorización administrativa, aprobación do proxecto sectorial e declaración, en concreto, de utilidade pública o proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro – Fonseca Fase II), publicándose a devandita resolución no Diario Oficial de Galicia do 1 de decembro de 2008, no Boletín Oficial da Provincial de Lugo do 24 de novembro de 2008 e no xornal “El Progreso” do 1 de decembro de 2008, permanecendo exposta ademais nos taboleiros de edictos dos concellos da Pontenova, Riotorto e Meira.

Durante o período de información pública presentáronse diversas alegacións, das cales a única referente a autorización administrativa das instalacións do parque eólico, é a efectuada, con data 31 de decembro de 2008, por Javier Cabello Requena, en nome e representación de Retevisión I, S.A., expoñendo que a sociedade á que representa realizou un informe, o cal aporta xunto co escrito, no que se conclúe que a construción do parque eólico Fonseca vai a afectar aos servizos de difusión da sinal de televisión, polo que manifesta a oposición da empresa Retevisión I, S.A. á construción do devandito parque eólico, a non ser que na resolución administrativa se estableza a obrigatoriedade de adoptar, por parte da empresa promotora, medidas correctoras que permitan eliminar as posibles perturbacións sobre os servizos prestados pola sociedade Retevisión I, S.A.

O contido das demais alegacións presentadas durante a información pública mencionada, fai referencia ao procedemento de declaración, en concreto, de utilidade pública das instalacións do parque eólico.

Quinto. O 15 de febreiro de 2010, a Sección de Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria, emite certificado de dominio mineiro sobre o expediente de referencia, facendo constar que a área de implantación do proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro - Fonseca Fase II) está afectada pola solicitude de Permiso de Investigación denominado "ANE" nº 6042.

Sexto. Con data 30 de abril de 2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informa, sobre as modificacións na Fase II do parque eólico Pousadoiro - Fonseca, que non ten obxeccións ás mesmas. Así mesmo, establece unha serie de medidas novas a adoptar polo promotor, sinalando que, no restante, mantén a súa vixencia a Declaración de Impacto Ambiental, formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 24 de maio de 2006, para o parque eólico Pousadoiro - Fonseca, e que contemplaba as dúas fases do proxecto.

Aos antecedentes de feito expostos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. A Consellería de Economía e Industria é a competente para resolver este procedemento, con fundamento no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, en relación co artigo 28 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, co artigo 31 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e co artigo 4 do Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

SEGUNDO. No expediente instruído para o efecto cumpríuse o establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Decreto 302/2001, do 25 de outubro, en relación coa disposición transitoria cuarta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas vixentes de aplicación.

TERCEIRO. Conforme ao disposto no artigo 143.2 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, a solicitude, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse ben de maneira simultánea á solicitude de autorización administrativa e/ou de aprobación do proxecto de execución ou ben con posterioridade á obtención da autorización administrativa.

CUARTO. Polo que respecta á alegación presentada pola empresa Retevisión I, S.A., examinado o contido da mesma e vista a contestación dada pola empresa promotora do parque eólico, cabe responder que, ta e como se establece no condicionado da presente resolución, no caso de se manifestaren perturbacións na recepción do sinal de televisión, directamente atribuíbles ás instalacións do parque eólico, o promotor deberá adoptar as medidas necesarias para devolverlle á recepción do sinal as anteriores condicións de calidade.

As demais alegacións contidas no expediente, tal e como se indicou no antecedente de feito cuarto, fan referencia á declaración, en concreto, de utilidade pública do parque eólico, polo que ás cuestións plantexadas nas mesmas corresponden a unha fase posterior do procedemento.

De acordo co que antecede, e no exercicio das competencias que teño atribuídas

RESOLVO

Primeiro. Autorizar administrativamente as instalacións do proxecto do parque eólico Fonseca (Pousadoiro - Fonseca Fase II), emprazado nos concellos da Pontenova, Riotorto e Meira (Lugo), e promovido por Gamesa Energía, S.A., para unha potencia de 26 MW.

Segundo. Recoñecerlle ao parque eólico Fonseca (Pousadoiro - Fonseca Fase II) a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica, regulamentado polo Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, e incluíla no grupo b.2., subgrupo b.2.1., do artigo 2 do citado Real Decreto.

A presente autorización axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Como requisito necesario para a aplicación á citada instalación do réxime especial de produción de enerxía eléctrica, o promotor deberá inscribirla definitivamente no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG do 14 de xullo), logo da acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto 661/2007, do 25 de maio.

2. A instalación adaptarase ao procedemento de captación e procesamento de datos de produción de enerxía eléctrica de Galicia regulamentado pola Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 23 de xaneiro de 2009, pola que se establece o procedemento para a captación e procesamento dos datos de produción enerxética das instalacións acollidas ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 37 do 23 de febreiro de 2009).

3. O parque eólico que se autoriza deberá cumprir cos requisitos que se recollan nos procedementos de operación aprobados polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que lle resulten de aplicación.

4. No caso de se manifestaren perturbacións na recepción do sinal de televisión, directamente atribuíbles ás instalacións do parque eólico, Gamesa Energía, S.A. deberá adoptar as medidas necesarias para devolverlle á recepción do sinal as anteriores condicións de calidade.

5. A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

6. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou directamente recurso contencioso - administrativo, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados podan interpoñer calquera outro recurso que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2010.-O conselleiro de Economía e Industria,P.D. Orde do 30 de abril de 2009 (DOG nº 87, do 6 de maio).-O Secretario Xeral, José Riesgo Boluda

R.0127

AUGAS DE GALICIA
SERVICIO TERRITORIAL DE LUGO
INFORMACIÓN PÚBLICA

Anuncio

CLAVE: DH.W27.05683

D^a María Fernández Méndez, con DNI. 33996116-T, e con enderezo en Edif. Valdeflores, nº 27 -1ºB, 27850, Viveiro (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na zona de Policía do rego do Muíño, no lugar de Brieiro, da parroquia de Faro, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º, Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 17 de xaneiro de 2011 .-O xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez

R.0248

Anuncio

CLAVE: DH.W27.05681

D^a. M^a Obdulia Pereira Escourido, con DNI 33820260, e con enderezo en Barrio nº 8, Landrove, 27850 Viveiro (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de construción de garaxe, piscina e fosa séptica na finca Pontellas na zona de policía dun rego afluente do Landro na parroquia de Landrove do concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo,17 de xaneiro de 2011.- O xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez

R.0249

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da presidencia do organismo autónomo Augas de Galicia de data 3 de decembro de 2010 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Filomena García Blanco a concesión dun caudal de auga de 0,164 l/s procedente dun manancial, no lugar de Fermil, na parroquia de Quindimil, no concello de Palas de Rei (Lugo), con destino a uso doméstico e rega.

Número Expte.: DH.A27.4889

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2010.- O subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Juan Carlos Argüello Fernández

R.0250

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Anuncio

ANUNCIO DE CONVOCATORIA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES NOS SERVIZOS QUE FACILITEN A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL, ASI COMO A ASISTENCIA ÓS MAIORES NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2011)

1.- Entidade adxudicadora

- a) Organismo: Deputación de Lugo
- b) Departamento que tramita o expediente: Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude

2.- Obxecto

a) Descrición: concesión de subvencions, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a gastos correntes dos programas e actividades nos servizos que faciliten a conciliación familiar e laboral, así como a asistencia ós maiores nos concellos da provincia de Lugo (anualidade 2011).

3.- Beneficiarios

- a) Que sexan corporacións locais da provincia de Lugo, nas que a poboación total non supere os 20.000 habitantes.
- b) Que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases.

4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención: concorrencia competitiva.

5.- Orzamento

A contía global destinada a esta actuación é a que figura debidamente consignada no orzamento da Deputación de Lugo, para a anualidade 2011, que ascende á cantidade de un millón sesenta e dous mil euros (1.062.000,00 €), con cargo á aplicación 2310.462 e contemplada no Plan Estratéxico de Subvencions desta d

Deputación, Área de Benestar Social, na súa liña de actuación 2, repartida do seguinte xeito:

- Mantemento de centros/servizos titularidade pública, 512.000,00 €
- Programa axuda no fogar de libre concorrencia, 500.000,00 €
- Actividades de lecer infantil para conciliar vida familiar e laboral, 50.000,00 €

6.- Contía da subvención

A subvención que a Deputación de Lugo pode conceder non excederá, en ningún caso, do 70 % da achega de fondos propios que dedique a entidade local á actividade, servizo, ou programa subvencionado, entendéndose como fondos propios o custo total da acción menos o importe concedido por outras entidades e o aportado por outras fontes de financiamento.

7.- Gastos subvencionables

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencions, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras da subvención. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido á actividade servizo ou programa subvencionado, aínda que non fora efectivamente pagado con anterioridade á data de xustificación.

8.- Prazo de realización da actividade subvencionada

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2011 ó 31 de decembro de 2011.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade para xustificar non concluíra pola propia natureza desta e que non exceda da metade do prazo inicial previsto, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

9.- Prazo de xustificación da actividade subvencionada

Unha vez finalizada a actividade, servizo ou programa, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O prazo para a xustificación das subvencións será de catro meses dende a finalización da actividade subvencionada e, en todo caso, non posterior ó día 30 de abril de 2012.

Para os casos establecidos na base 4ª, punto 4.5, parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, de xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Transcorrido o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación de Lugo, o órgano de xestión requiriralle ó beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

10.- Información e obtención dos impresos de solicitude e de xustificación

- Entidade: Deputación de Lugo. Departamento de Benestar Social.

- Enderezo: rúa San Marcos, número 8

- Localidade e código postal: Lugo, 27001

- Teléfono: 982 260 138

- Fax: 982 260 206

- Poderase consultar asemade o sitio web <http://deputacionlugo.org>, no menú da Área de Benestar Social, Departamento de Benestar Social.

11.- Presentación de solicitudes de subvención

a) Data límite de presentación: 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP.

O prazo de presentación das solicitudes non poderá ser ampliado segundo o disposto no artigo 71.2 da LRXPAC

b) Documentación para presentar: documento de solicitude que achegará acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

c) Lugar de presentación:

1º.- Entidade: Deputación de Lugo. Rexistro Xeral. Admítense as presentadas por correo. Neste caso o solicitante deberá xustificar a data da imposición do envío na oficina de correos, anunciándolle á Excma. Deputación Provincial a remisión da solicitude de axuda ou subvención mediante Fax, télex ou telegrama, no mesmo prazo (artigo 80, apartado 4, do Real decreto legislativo 1098/2001, de 12 de outubro). Igualmente admitiranse aquelas que se presenten nos organismos regulamentariamente establecidos para o efecto, debendo efectuar a notificación anteriormente sinalada a este Organismo Provincial.

Todo de conformidade co disposto no artigo 38.4 da LRXPAC

2º.- Enderezo: rúa San Marcos, 8

3º.- Localidade e código Postal: Lugo, 27001

12. Reparación de defectos

A comprobación de que a solicitude reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e de que se achega a documentación á que se refiren os apartados anteriores corresponderalle ó órgano competente para o efecto, que poderá requirir a reparación de conformidade co artigo 23.5 LXS. De non achegarse a documentación requirida ou non repararse os defectos despois de requiridos, no prazo máximo e improrrogable de dez días, teráselle por desistido da súa solicitude.

13.- Resolución e procedemento

a).- Entidade: Deputación de Lugo.- Xunta de Goberno, previa proposta formulada pola Comisión de Valoración.

b).- Enderezo: rúa San Marcos, 8

c).- Localidade e código Postal: Lugo 27001

d).- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución: dous (2) meses. O vencemento do prazo máximo, sen notificarse a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

14.- Obrigas dos beneficiarios da subvención

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.
 - b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
 - c) Acreditar ante a Deputación de Lugo, a realización da actividade servizo ou programa, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da subvención.
 - d) Someterse ás actuacións de comprobación, para efectuar pola Deputación de Lugo, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - e) Comunicarlle á Deputación de Lugo a obtención de subvencións para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse en canto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
 - f) Acreditar que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no seu caso. A dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. No entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar, se así o considera, que esta se efectúe mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos organismos correspondentes.
 - g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
 - i) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Área de Benestar Social da Deputación de Lugo e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ó uso as entidades utilicen para publicar a actividade servizo ou programa subvencionado. A imaxe será cedida pola institución provincial.
- Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

15.- Outras informacións.

Na Área de Benestar Social. Teléfono: 982 260 138

Lugo, 24 de xaneiro de 2011.-O secretario, Faustino Martínez Fernández

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES NOS SERVIZOS QUE FACILITEN A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL, ASI COMO A ASISTENCIA ÓS MAIORES NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2011)

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás corporacións locais, destinadas a gastos correntes dos programas e actividades nos servizos municipais que faciliten e potencien a conciliación familiar e laboral, así como a asistencia ós maiores.

É obxecto de subvención a realización da antedita actividade por parte das entidades que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases e na correspondente convocatoria.

2. FINALIDADE

Están incluídas dentro destas bases as actuacións executadas durante o ano 2011 e que estean destinadas a garantir a conciliación familiar e laboral, así como a asistencia ós maiores nos Concellos da provincia de Lugo e polo tanto sexan organizadas polo concello solicitante.

Para estes efectos considéranse subvencionables os gastos, que resulten estritamente necesarios derivados de:

A. O mantemento dos centros ou servizos de atención especializada de titularidade pública: garderías, galescolas, centros de día, xantar na casa, e outros similares, para gastos correntes derivados do funcionamento

diario como luz, auga, persoal, comunicacións ou pequenas reparacións que poidan ser incluídas dentro do mesmo concepto do gasto.

B. O fomento e continuidade do programa de axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia, ademais das actividades complementarias a dito servizo.

C. A promoción e a mellora do uso do tempo libre na infancia mediante a realización de actividades de lecer para menores de dezaseis anos en períodos vacacionais e non lectivos, sempre que faciliten ou potencien a conciliación familiar e laboral e sexan programas estables que se teñan desenvolvido, como mínimo, durante os últimos tres anos.

3. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS/AS BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse ó disposto nestas bases, aquelas entidades locais que o soliciten no momento da convocatoria, de acordo co establecido na mesma, tendo a condición de beneficiaria da subvención a entidade local que vaia a realizar a actuación ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

3.1 Condicións específicas:

Poderán solicitar subvencións ó abeiro destas bases as entidades locais, sempre que cumpran as condicións requiridas nas mesmas e nas que concorran as seguintes circunstancias específicas:

1. Que sexan corporacións locais da provincia de Lugo, nas que a poboación total non supere os 20.000 habitantes.
2. Que as accións que desenvolvan, cumpran o obxecto destas bases.

Non poderán solicitar subvención ó abeiro destas bases, as entidades locais que teñan concedida unha subvención desta Deputación dentro da mesma anualidade e para a mesma acción ou obxecto.

3.2 Causas de incumprimento da condición de beneficiario:

Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nas presentes bases as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas no punto 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións:

- a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b. Solicitar a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal; sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c. Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos Membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e. Non acharse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g. Non acharse ó corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h. Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a Lei de subvencións ou outras leis que así o establezan.
- i. Non poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 da Lei de subvencións cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j. As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, pola razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias poda presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que houberen concorrido aquelas.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendera o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, no entanto non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

As subvencións, obxecto da presente convocatoria, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva.

4.1. Presentación das solicitudes

Presentarase unha solicitude dirixida ó Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, axustada ós modelos normalizados que figuran como anexos, e irán acompañadas dos documentos preceptivos establecidos nas presentes bases.

Presentaranse preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro e a Lei 4/99 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.2 Órgano a quen se dirixe a petición

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Sr. Presidente da Deputación de Lugo, sendo publicada no Boletín Oficial da Provincia e en medios de comunicación social.

4.3 Prazo das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP.

As solicitudes presentadas fóra de prazo en ningún caso serán admitidas para participar na convocatoria.

4.4.- Solicitudes

As solicitudes formularanse nos modelos oficiais, os cales serán facilitados directamente pola Deputación Provincial.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, debidamente cumprimentadas e escritas de forma lexible en todos os seus apartados.

Acompañaranse á solicitude aqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e aqueles que conveñan para a definición da axuda en función das finalidades establecidas nestas bases.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá coma consecuencia a non valoración dos datos que non estean suficientemente xustificadas.

Os documentos necesarios a presentar coa solicitude son:

1 Proxecto da actividade ou programa que se vai levar a cabo, especificando como mínimo: a denominación, os obxectivos, a descrición das actividades, o colectivo ó que se dirixe, o número estimado de beneficiarios, o ámbito no que se desenvolverá a acción, o calendario ou cronograma, un orzamento estimativo con desagregación de gastos e financiamento co que conta, se o hai; en caso contrario, expresar a dificultade de acudir a outros medios de financiamento. O proxecto virá datado e asinado polo técnico municipal competente da actuación a realizar.

2 Certificación do secretario municipal que recolla os seguintes puntos: (achégase modelo oficial)

a. Acreditación da identidade do alcalde da corporación municipal.

b. Acordo adoptado polo órgano competente da entidade local solicitante pola que se aproba a realización da actividade de carácter municipal e a solicitude da subvención.

c. Orzamento estimativo de gastos do proxecto solicitado, das subvencións concedidas por outras entidades no ano 2010 e das solicitadas no 2011 para o mesmo proxecto.

3 Certificación do secretario da entidade local dos datos referentes ós criterios en función da finalidade (achégase modelo oficial).

4 Declaración responsable do representante da entidade local que recolla os seguintes puntos:(achégase modelo oficial).

a. A entidade que este/a representa ten a condición de beneficiaria, segundo a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

b. A entidade non ten pendente ningunha xustificación de subvención coa Excm. Deputación Provincial de Lugo

c. A entidade asume o custo do IVE derivado dos gastos subvencionados.

5 Copia do CIF da entidade.

4.5.- Prazos de execución

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2011 ó 31 de decembro de 2011.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade a xustificar non houbera concluído pola propia natureza da mesma e que non exceda da metade do prazo inicial previsto, sendo a súa resolución adoptada pola presidencia desta Deputación Provincial.

4.6. Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nas mesmas.

A concorrencia ó proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ó tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

5. CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS

Como criterios obxectivos, en orde á determinación da contía das subvencións, rexerán por orde decrecente de importancia e pola ponderación que se lles atribúa, sobre unha porcentaxe do 100%, os seguintes criterios:

- Tipoloxía dos beneficiarios (número de usuarios, densidade de poboación e taxa de ocupación): ata 50 puntos
- Grao de financiamento por parte do concello: ata 30 puntos
- Esfuerzo fiscal: ata 20 puntos

A Xunta de Goberno poderá, de xeito excepcional e motivado, aplicar outros criterios obxectivos que non estean relacionados cos anteriores.

6. CUANTIA INDIVIDUALIZADA DA SUBVENCIÓN

A contía global destinada a esta actuación é a que figura debidamente consignada no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo, para a anualidade 2011, que ascende á cantidade dun millón sesenta e dous mil euros (1.062.000,00 €) con cargo á aplicación 2310.462 e contemplada no Plan Estratéxico de Subvencións desta deputación, Área de Benestar Social, na súa liña de actuación número 2.

A distribución da aplicación 2310.462 nas diversas finalidades destas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ó cumprimento con máxima eficiencia para o benestar social e igualdade da provincia de Lugo.

As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto das presentes bases reguladoras serán distribuídas nos seguintes conceptos e importes para o ano 2011:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Mantemento de centros/servizos titularidade pública	512.000,00 €
Programa axuda no fogar de libre concorrência	500.000,00 €
Actividades de lecer infantil para conciliar vida familiar e laboral	50.000,00 €

O importe das subvencións, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o orzamento do proxecto que se solicita.

7.-IMPORTE DA SUBVENCION

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder non excederá, en ningún caso, do 70 % da achega de fondos propios que dedique a entidade local á actividade, servizo ou programa subvencionado, entendéndose como fondos propios o custo total da acción menos o importe concedido por outras entidades e o aportado por outras fontes de financiamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos, ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución da concesión.

A Xunta de Goberno, a proposta da comisión de valoración, pode decidir ratear os importes inicialmente adjudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

8. ORGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS E PRAZO NO QUE SERÁ NOTIFICADA A RESOLUCIÓN.

8.1 Comisión de Valoración

Para a valoración dos proxectos constituirase unha comisión de valoración, cuxa composición será a seguinte:

PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial ou Deputado en quen delegue ou substitúa legalmente.

VOCAIS:

- a). Un representante do grupo provincial do PSOE
- b). Un representante do grupo provincial do BNG
- c). Un representante do grupo provincial do PP
- d). A deputada delegada de Benestar Social
- e). A interventora xeral da corporación ou funcionario/a en que delegue ou a substitúa

SECRETARIO:

O secretario xeral adxunto ou funcionario/a en que delegue ou o substitúa.

O presidente da comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e fará constar, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

8.2 Órgano competente para a resolución e prazo de notificación.

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude ós que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto de solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de dous (2) meses, contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas, en todo caso o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá subvención algunha ata en tanto no foran xustificadas adecuadamente subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.

As resolucións das axudas poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

9. CONTA XUSTIFICATIVA E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Unha vez finalizada a actividade, servizo ou programa, dentro do prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción, servizo ou actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada.

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán

subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido á actividade, servizo ou programa subvencionado, aínda que non fora efectivamente pagado con anterioridade á data de xustificación.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polas entidades beneficiarias da seguinte documentación, xunto coa solicitude de abono da subvención:

♦ Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, temporalización, número de beneficiarios e, se é o caso, listaxe de participantes na actividade, documentos publicitarios e documentos fotográficos ou de prensa sobre a actividade ou obra realizada, se os houbese (achégase modelo oficial).

♦ Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterá:

1. Relación clasificada dos gastos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión (achégase modelo oficial).

2. Certificación expedida polo interventor ou secretario municipal do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actividade subvencionada atópase executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente. Asemade, acreditará que a actividade, acción ou programa obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión (achégase modelo oficial).

3. Declaración xurada do representante da entidade das axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (achégase modelo oficial).

♦ Declaración responsable do representante do Concello, que conteña os seguintes puntos (achégase modelo oficial):

a. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo, Seguridade Social e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

b. Que asumiu o custo do IVE, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

♦ Certificación bancaria, expedida por responsable da entidade bancaria correspondente, do número de conta na que se procederá, unha vez tramitada e aprobada a documentación xustificativa da subvención, ó ingreso da mesma e na que deberá figurar, como persoa autorizada, o representante da entidade local.

♦ Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Area de Benestar Social da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou noutros soportes análogos da actividade, acción ou comportamento subvencionado.

Non se procederá ó abono da subvención, no caso de que o beneficiario/a non este ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade, servizo ou programa, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O prazo para a xustificación das subvencións será de catro meses dende a finalización da actividade subvencionada e, en todo caso, non posterior ó día 30 de abril de 2012. Transcorrido o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requirirá ó beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

11. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

As entidades beneficiarias receptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no art. 5, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

11.1 Dereitos

As entidades receptoras da subvención terán dereito a pedir e obter, en todo momento, o apoio e a colaboración da Deputación Provincial na realización da actividade ou programa.

11.2 Obrigas

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- ◆ Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia, no prazo máximo de quince días a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.
- ◆ Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose ós termos do proxecto.
- ◆ Acreditar perante esta Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.
- ◆ Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.
- ◆ Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
- ◆ Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- ◆ Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.
- ◆ Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- ◆ Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. En todo caso, deberán dispoñer dos xustificantes das contas de gastos e pagos.
- ◆ Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

11.3 Medidas de difusión a adoptar por parte do beneficiario

Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Área de Benestar Social, Vicepresidencia Terceira da Deputación Provincial de Lugo, e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes ou medios que, no seu caso, as entidades utilicen para dar publicidade a actividade, servizo ou programa subvencionado. A imaxe será cedida pola Deputación Provincial.

12. PAGOS ANTICIPADOS E ABONOS A CONTA

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados nin abonos a conta das subvencións outorgadas.

13.- REDUCCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, servizo ou programa, procederase a redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que a subvención concedida pola Deputación supere o 70% dos fondos do concello e da deputación destinados efectivamente a actividade, servizo ou programa subvencionable, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere o dito 70%.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos as reducións practícaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento, previo informe da área de xestión competente.

14. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e a corporación provincial, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xerará ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

15. POSIBLES INCUMPRIMENTOS E REINTEGROS

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos sinalados no artigo 37 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en especial:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso e ocultando aquelas que o impidisen.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos na lexislación sobre subvencións e no regulado nas presentes bases.
- d. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións e comprobación e control financeiro previstas na lexislación de subvencións así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando deles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou que se refiran ó modo en que se han de acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ós beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais .
- g. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- h. Nos demais supostos establecidos nas presentes bases e demais lexislación sobre subvencións.

16.- OUTRAS DISPOSICIONS

No non previsto nestas bases estarase ao disposto en:

- a) A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- d) A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- e) O Regulamento Orgánico da Deputación
- f) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Primeira.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES NOS SERVIZOS QUE FACILITEN A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL, ASI COMO A ASISTENCIA AOS MAIORES NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2011)

SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

Nome Concello.....

CIF Concello.....

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACION

Enderezo.....

Localidade.....Concello.....CP.....

Tfono.....Fax.....

C. electrónico.....

DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e apelidos.....

DNI:.....

O que subscribe, na súa calidade de representante da entidade local, ao abeiro das BASES establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, da concesión de subvencións destinadas a gastos correntes dos programas e actividades nos servizos que faciliten a conciliación familiar e laboral, así como a asistencia ós maiores nos concellos da Provincia de Lugo (anualidade 2011), **SOLICITO** unha subvención, para realizar a seguinte actuación segundo os seguintes datos:

NOME OU OBXECTO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA	ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS	IMPORTE DA SUBVENCION SOLICITADA

FINALIDADE Á QUE SE ACOLLE (Elixir una opción)

- Mantemento dos centros ou servizos de atención especializada de titularidade pública: garderías, galescolas, centros de día, xantar na casa, etc.
- Fomento e continuidade do programa axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia, ademais das actividades complementarias a dito servizo.
- Promoción e mellora do uso do tempo libre na infancia mediante a realización de actividades de lecer para menores de dezaseis anos en períodos vacacionais e non lectivos, sempre que faciliten ou potencien a conciliación familiar e laboral e sexan programas estables, que se teñan desenvolto, como mínimo, durante os últimos tres anos.

....., de..... de 2011

O/A representante

(Sinatura)

CERTIFICACION DA IDENTIDADE DO REPRESENTANTE DO CONCELLO E DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

D/D.^a.....,con DNI:.....

como secretario municipal do Concello de

CERTIFICO:

1.- Que o Alcalde do Concello é o Sr/a. D/D^a

.....con DNI Nº, cargo que ostenta na actualidade.

2.- Que se encontra facultado/a para subscribir a solicitude de subvención á Deputación provincial de Lugo destinada a gastos correntes dos programas e actividades nos servizos que faciliten a conciliación familiar e laboral, así como a asistencia ós maiores nos concellos da provincia de Lugo (anualidade 2011), en virtude de (marque o apartado que proceda):

- As disposicións vixentes en materia de réxime local.
- O acordado para tal efecto con data/...../..... polo órgano competente da Corporación.

3.- Que con data/...../..... adoptouse o acordo de REALIZACIÓN da actividade, denominada ".....", obxecto de solicitude de subvención polo órgano competente da corporación.

DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS DA ACTIVIDADE

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

4.- QUE: *(marque o que proceda)*

- Non se ten solicitado ningunha outra axuda para esta mesma acción ou comportamento no ano 2011.
- Solicitouse axuda para esta mesma acción ou comportamento no ano 2011, coas seguintes resolucións:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN			
		PENDENTE	DENEGADA	CONCEDIDA POR...	€
	€	PENDENTE	DENEGADA	CONCEDIDA POR...	€
	€	PENDENTE	DENEGADA	CONCEDIDA POR...	€

- Non se ten solicitado ningunha outra axuda para esta mesma acción ou comportamento no ano 2010.
- Solicitouse axuda para esta mesma acción ou comportamento no ano 2010, coas seguintes resolucións:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN NO 2010	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN		
		DENEGADA	CONCEDIDA POR...	€
	€	DENEGADA	CONCEDIDA POR...	€

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación.

....., de de 2011

O/A secretario/a

CERTIFICACION DOS DATOS REFERENTES AOS CRITERIOS DA FINALIDADE

D/D^a.....,con

DNI:.....

como Secretario Municipal do Concello de

.....

CERTIFICO: Que son certos os datos seguintes:

NO CASO DOS CENTROS OU SERVIZOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DE TITULARIDADE PÚBLICA: GARDERÍAS, GALESCOLAS, PUNTOS DE ATENCIÓN A INFANCIA, CENTROS DE DÍA, XANTAR NA CASA, ETC.

CONCEPTO	APORTACIÓN DE USUARIOS	NUMERO DE DESTINATARIOS
<input type="checkbox"/> GARDERIAS, GALESCOLAS, PUNTOS ATENCIÓN INFANCIA		
<input type="checkbox"/> CENTROS DE DIA		
<input type="checkbox"/> XANTAR NA CASA		
<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICAR)		

NO FOMENTO E A CONTINUIDADE DO PROGRAMA AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA, ADEMÁS DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A DITO SERVIZO.

- Número de destinatarios.....
- Achega de usuarios.....

NA PROMOCIÓN E A MELLORA DO USO DO TEMPO LIBRE NA INFANCIA MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER, EN PERÍODOS VACACIONAIS E NON LECTIVOS, SEMPRE QUE FACILITEN OU POTENCIEN A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL E QUE SEXAN PROGRAMAS ESTABLES QUE SE SEÑAN DESENVOLTO, COMO MÍNIMO, DURANTE OS ÚLTIMOS TRES ANOS.

- Número de destinatarios.....
- Achega de usuarios.....

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación.

....., de de 2011

O/A SECRETARIO/A

SINATURA.

DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE TER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO E, SE É O CASO, DE NON DEDUCIÓN DO IVE

D/Dª.....,con DNI:.....
como representante do Concello de

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- Que a entidade que represento cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións da Deputación Provincial de Lugo para poder participar na concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a gastos correntes dos programas e actividades nos servizos que faciliten a conciliación familiar e laboral e a asistencia ós maiores nos concellos da provincia de Lugo (anualidade 2011).
- Que a entidade que represento está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicito subvención e derivado dos gastos da subvención a xustificar, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

....., de de 2011

O/A representante

Sinatura

RELACION DOCUMENTOS PARA A XUSTIFICACIÓN E ABONO DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DOS SERVIZOS, ACTIVIDADES OU EQUIPAMENTOS QUE FACILITEN A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL, ASÍ COMO A ASISTENCIA AOS MAIORES NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2011)

- SOLICITUDE
- MEMORIA DE ACTUACION XUSTIFICATIVA CON ACREDITACION, NO SEU CASO, DA PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE
- CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLO INTERVENTOR OU SECRETARIO DO CONCELLO COS IMPORTES DA FINANCIACION DA ACTIVIDADE
- RELACION CLASIFICADA DOS GASTOS
- DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS
- DECLARACION XURADA SOBRE OBRIGAS TRIBUTARIAS, ASUMIR O CUSTO DO IVE, E PROHIBICIONS DA NORMATIVA DAS SUBVENCÍONS
- CERTIFICACIÓN BANCARIA ONDE SE REALIZARÁ O ABONO DA SUBVENCION

NOTA: non é necesario presentar facturas, sólo certificación da relación clasificada de gastos.

DOCUMENTOS PARA O EXPEDIENTE DE XUSTIFICACION

SOLICITUDE ABONO SUBVENCION

D.....con DNI.....
 Teléfono..... Enderezo.....
na súa condición de representante do
 Concello deCon CIF.....

EXPOÑO:

A. Que lle foi concedida ó concello que represento una subvención por importe deeuros (..... €), para financiar gastos derivados do programa ".....", mediante acordo da xunta de goberno desa Deputación Provincial de Lugo de data de de 2011

B. Que presento a seguinte documentación xustificativa da citada subvención:

- Memoria da actuación xustificativa, achegando, no seu caso, acreditación dos documentos publicitarios da actividade.
- Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello e relación clasificada dos gastos
- Declaración xurada de outras axudas
- Declaración xurada sobre obrigas tributarias, asumir o custo do IVE, e prohibicións da normativa das subvencións.
- Certificación bancaria de código conta cliente

SOLICITO:

Que sexa admitida a documentación que achego e aboada a subvención.

.....,de.....de 201_

Sinatura.

MEMORIA DE ACTUACION XUSTIFICATIVA

D/na....., con DNI.....como técnico/a responsable da Area de..... do Concello de
 INFORMA da actividade obxecto de subvención denominada:

DENOMINACION ACTIVIDADE
DESCRIPCION XERAL
CARACTERISTICAS
TEMPORALIZACION
NUMERO DE BENEFICIARIOS DA ACTIVIDADE/LISTAXE PARTICIPANTES (se é o caso)
NIVEL DE LOGRO DE OBXECTIVOS
DOCUMENTOS PUBLICITARIOS DA ACTIVIDADE (indicar o medio utilizado polo beneficiario no que se fai constar que a actividade foi financiada pola Área de Benestar Social da Deputación Provincial de Lugo, achegando, si é posible, mostra impresa)

....., dede 201__

O técnico responsable

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS REALIZADOS

SUBVENCIÓN: “.....”

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:.....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
Acredor:.....
CIF/NIF do acredor:.....
Importe do gasto:.....
Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
 Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
 Acredor:.....
 CIF/NIF do acredor:.....
 Importe do gasto:.....
 Data de emisión do documento:.....

Concepto de gasto:.....
 Identificación do documento:(núm. de factura ou nómina).....
 Acredor:.....
 CIF/NIF do acredor:.....
 Importe do gasto:.....
 Data de emisión do documento:.....

TOTAL RELACIÓN DE GASTOS REALIZADOS:

.....
EUROS
 (.....€)

.....,de.....de 201_

Asdo:

CERTIFICACION COSTO TOTAL ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

D....., Secretario ou Interventor do concello de con CIF:....., e enderezo a efectos de notificacións:

A efectos de xustificación da subvención concedida a este Concello por importe de(.....€), para gastos derivados do proxecto ou actividade denominada ".....", mediante acordo da Xunta de Goberno desa Deputación Provincial de Lugo de de de 2011:

CERTIFICO:

Que o custo total da actividade realizada ascende a (.....€) Euros, financiándose coas seguintes achegas económicas:

FINANCIACION	IMPORTE
Fondos públicos propios do Concello (30% como mínimo)	€
Subvención concedida pola Deputación	€
Subvención Xunta de Galicia	€
Outras fontes de financiamento (achegas usuarios, etc...)	€
SUMA (custo total).....	€

Que a actividade, obxecto de subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

Acompáñase á presente certificación a relación clasificada de gastos da actividade subvencionada, que se atopa executada e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente.

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en a de de 201_

O Secretario ou Interventor

V. e Praxe,
O Alcalde,

Asdo.

Asdo.

DECLARACION XURADA DO REPRESENTANTE DO CONCELLO DAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS OBTIDAS

D.....con
 DNI:....., e enderezo a efectos de
 notificacións:..... na súa condición de
 representante do concello de.....
 con C.I.F.:.....

En relación á subvención concedida ao concello que represento por importe de
€. para gastos derivados do proxecto ou actividade
, mediante acordo da Xunta de
 Goberno desa Deputación Provincial de Lugo de de de 2011:
 Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- Que a entidade que represento non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais para a mencionada actividade

- Que na seguinte táboa sinalanse as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais para a mencionada actividade

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN			
		<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR...	€

E para que conste ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, firmo esta declaración no lugar e data indicados.

....., de De 201_

Sinatura.

DECLARACION XURADA OBRIGAS TRIBUTARIAS, IVE, ETC...

D.....
 ...con

DNI:.....,e

endereço a efectos de notificacións:.....

.....

..

Actuando en representación do Concello de.....

.....

..

Con CIF:.....

A efectos de xustificación de subvención:

Declaro baixo xuramento é a miña responsabilidade:

Que o concello que represento atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Comunidade Autónoma de Galicia, a Deputación de Lugo e a Seguridade Social.

Que a entidade que represento asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Que o concello que represento non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Que o concello que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, nin en ningunha das establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

E para que conste ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, firmo esta declaración no lugar e data indicados.

....., de De 201_

Sinatura.

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Aprobado polo Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, en sesión celebrada con data 24 de xaneiro de 2011, a contratación da subministración do sistema de radiocomunicacións dixitais profesionais e terminais de radio.

1. Entidade adxudicadora

- a) Organismo: Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- b) Obtención de documentación e información e dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento da Excm. Deputación provincial de Lugo
- d) Domicilio: San Marcos 8
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001
- f) Teléfono: 982260066
- h) Correo electrónico: consorcio.incendios@deputacionlugo.org
- i) Dirección de internet de perfil de contratante: [http:// www.salvamentolugo.org](http://www.salvamentolugo.org)

2. Obxecto do contrato

- a) Tipo: Subministración
- b) Descrición: Subministración do sistema de radiocomunicacións dixitais profesionais e terminais de radio, para o Consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento
- c) División por lotes: Non
- d) Lugar entrega: Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. Ronda da Muralla 140. (27004) Lugo.
- e) Prazo de entrega: dous meses
- f) Admisión prórroga: Non

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa
- c) Criterios de adxudicación (Ver cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas)

4. Orzamento base de licitación:

- a) Importe neto 152,542.37 euros. IVE (18 %) . Importe total 180.000 euros

5. Garantías esixidas. Provisional (importe) 4.576,27 euros. Definitiva (5 %) do prezo de adxudicación sen incluír IVE

6. Requisitos específicos do contratista

- a) Capacidade e solvencia (Ver cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas)

7. Presentación de ofertas

- a) Data límite de presentación de ofertas: 15 días naturais dende a publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia.
- b) Lugar de presentación
 - a. Dependencia: Rexistro do Consorcio, sito no pazo da Exma. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a sábado.
 - b. Domicilio: San Marcos Nº8
 - c. Localidade e código postal: Lugo 27001
 - d. Fax: 982260268

8. Gastos de publicidade: Por conta do contratista

Lugo, a 25 de xaneiro de 2011 - O SECRETARIO INTERVENTOR. José Antonio Mourelle Cillero.

R.0348

AYUNTAMIENTOS

MONDOÑEDO

Anuncio

Rematado o período de exposición pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 256 de 8 de novembro do 2010, referente a aprobación inicial polo Pleno da Corporación do Concello de Mondoñedo, en sesión celebrada o 30 de setembro do 2010 do Regulamento dos Réximes de visitas guiadas á Cova do Rei Cintolo (Mondoñedo-Lugo) e actividades deportivas xerais, dando cumprimento o disposto no R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro do Regulamento.

REGULAMENTO DOS REXÍMENES DE VISITAS GUIADAS Á COVA DO REI CINTOLO (MONDOÑEDO, LUGO) E ACTIVIDADES DEPORTIVAS XERAIS

O Excmo. Concello de Mondoñedo considera que a cova do Rei Cintolo é un elemento natural de especial interese patrimonial e medioambiental e, como tal, considera que debe ser protexida e conservada, pero tamén debe poder visitarse dentro duns parámetros que permitan esta conservación e goce da mesma sen levar a cabo actividades contra os especiais valores que a definan.

Considerase tamén que dado que é un entorno natural en estado virxe presenta unha serie de dificultades que deben ser tidas en contas para a realización dunha visita segura en todas as modalidades posibles.

Por todo iso elabórase o presente regulamento que establece o réxime de uso e as medidas de seguridade precisas para levar a cabo visitas nas dúas modalidades existentes: visitas guiadas organizadas por parte do Excmo. Concello de Mondoñedo e visitas sen guía a realizar por grupos de espeleólogos federados coa licenza federativa en vigor.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1.º Ámbito de aplicación e finalidade .

O presente regulamento afecta á cavidade coñecida como Cova do Rei Cintolo sita neste concello, entre os núcleos de Supena e Orxal, na parroquia de Argomoso, sendo a súa finalidade regulamentar a organización e realización de actividades deportivas, xa sexan visitas guiadas ou sen guía, ou de outra índole na mesma. E tamén para preservar o ecosistema da cova e a seguridade dos seus usuarios.

Art. 2.º Dos profesionais.

O concello disporá de persoal propio ou por conta allea para o desenrolo das diferentes actividades que este organice e realice dentro da cavidade e estas axustaranse sempre á normativa aquí establecida.

O concello disporá tamén dun servizo de emerxencias que garanta unha posible evacuación dende o interior da cavidade sendo este propio ou por conta allea.

VISITAS DEPORTIVAS. VISITAS GUIADAS

Sección 1.ª — O /A Guía

Art. 3.º Incorporación.

Segundo a lexislación vixente

Art. 4.º Requisitos.

Poderán incorporarse a como guía as persoas que cumpran as condicións establecidas nas bases de contratación aprobadas segundo a lexislación vixente en cada momento, pero terase en conta, valorando ese mérito nas

bases, o feito de posuír o Diploma Acreditativo de Primeiros Auxilios actualizado e o Diploma Acreditativo de Rescate en Cavidades.

En caso de non posuílo e saír elixido para o posto o/a candidato/-a deberá realizar os cursos precisos para poder contar cos dous diplomas.

Art. 5.º Desenrolo da súa actividade.

O desenrolo da actividade do guía enmarcarase nos procedementos de traballos en espazos confinados (NTP 223) e dotarase dos Equipos de Protección Individual (EPI) para o desenrolo de dita actividade, sendo estes:

Casco EN 397

Arnés EN 358, EN 361 e EN 813

Luvras de traballo

Funda de traballo

Iluminación o amparo da normativa ATTEX

Botas de traballo con fondo especial adherente e con fácil eliminación de auga.

Sección 2.ª – Os visitantes Guiados

Art. 6.º Solicitud.

Farase unha solicitude para facer as visitas cun mínimo de antelación a establecer en cada tempada, pero sempre cunha antelación mínima de 30 minutos á hora especificada para as visitas guiadas á cavidade.

Estas solicitudes faranse, en persoa, vía teléfono ou e-mail, na Oficina Municipal de Turismo de Mondoñedo ou en calquera outro lugar que o Concello estableza a tal efecto.

Na mesma haberá que especificar un individuo que encabece nominalmente a reserva e deberá indicar si no grupo hai menores de idade ou maiores de 65 anos.

A idade mínima de acceso á cova establececese en 12 anos.

Para poder facer efectiva a visita todos e cada un dos visitantes deberán asinar unha declaración xurada de non padecer enfermidades ou diminucións físicas que podan desencadear riscos ou accidentes no interior da cova ao longo da visita: enfermidades cardiorespiratorias, enfermidades osteoesqueléticas ou fobias.

Art. 7.º Equipos de Protección Individual.

O concello porá a disposición dos visitantes os EPI homologados necesarios para o desenrolo da visita, que constaran de:

Casco, iluminación, luvras e mono

VISITAS DEPORTIVAS. VISITAS SEN GUÍA

Art. 8.º Acceso de visitantes sen guía

So se permitirá o acceso sen guía aos espeleólogos federados previa solicitude perante o Sr. Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Mondoñedo segundo os modelos establecidos e que se recollen nos anexos desta normativa.

A idade mínima para a Galería Central será de 12 anos con licenza federativa infantil de espeleoloxía en vigor e sempre acompañados dun adulto con licenza federativa de espeleoloxía en vigor.

A idade mínima para o resto da cova será de 14 anos con licenza federativa xuvenil de espeleoloxía en vigor e sempre acompañados dun adulto con licenza federativa de espeleoloxía en vigor.

Os grupos non poderán ser menores de 3 persoas e non excederán as 10. Ademais cada grupo debe contar cun responsable. Cada responsable pode selo só dun único grupo nun mesmo día. Para ser responsable de grupo débese contar cunha licenza federativa de maiores ou adultos de espeleoloxía en vigor.

O máximo de grupos ao mesmo tempo dentro da cavidade son 3.

Art. 9.º *Solicitudes*

Na solicitude incluíranse todos os datos do responsable e listado nominal con DNI de todos os visitantes así como do tipo de licenza que posúen. Así mesmo día ou días de entrada e horas de entrada e saída.

Na mesma comprométese a acatar as normas de visita e uso e comprométese a garantir que non interferirán nas visitas guiadas organizadas polo Excmo. Concello de Mondoñedo.

Así mesmo, dende o Concello, explicaráselle as medidas a tomar en caso de emerxencia.

Adxunto a solicitude deberanse indicar as galerías polas que ten previsto facer a visita, co fin de que se hai una emerxencia sexa mais fácil a súa localización. Esta indicación pódese facer mediante a indicación das mesmas nun plano ou mediante relación nominal. En todo caso haberá en entregar un plano coa indicación de por onde vai a discorrer a visita no momento de recoller a chave de acceso á cavidade así como deixar un número de teléfono de contacto.

A solicitude deberá presentarse cun mínimo de 48 horas de antelación e sempre antes do venres ás 14:00h. vía e-mail no enderezo visitas.espeleo.reicintolo@gmail.com

Art. 10.º *Entrada á cova*

A entrada á cavidade será facilitada por un traballador do Concello ou un representante que nome o mesmo, polo que deberá avisarse das horas de entrada e saída na solicitude.

As visitas terán que comezar a partir das 7:00h e rematar antes das 23:00h horas tope de recollida e devolución da chave da cova nas dependencias da Policía Local. As visitas en días seguidos implican a devolución da chave ao rematar a actividade do primeiro día e a recollida da mesma antes de comezar a actividade no segundo día e así sucesivamente en cantos días se estructure a visita.

En calquera momento poderá solicitarse a licenza federativa dos visitantes polo que no caso de non levala consigo non se poderá acceder o interior.

Art. 11.º *Prohibicións*

No interior da cavidade, queda prohibida toda iluminación que non sexa eléctrica, ben sexa de batería ou pilas.

Prohíbese a instalación de todo tipo de ancoraxes artificiais que precisen da perforación das rochas.

Prohíbese o acceso sen levar a licenza federativa con un mesmo, así como entrar sen os EPI necesarios:

Arnes EN 12277

Casco EN 12492

Guantes

Botas

Mono

Descensor EN 341

Mosquetones 12275

Bloqueadores EN 567

DEREITOS E DEBERES DO GUIA

Art. 12.º. *Dereitos.*

Son dereitos do guía:

- Recibir a información adecuada para o desenrolo do seu traballo.

- Recibir a información dos riscos específicos e os medios adecuados de protección persoal.
- Recibir os EPI necesarios.
- Recibir formación técnica sobre primeiros auxilios, rescate e salvamento no interior de cavidades.

Art. 13.º. *Deberes*

Son deberes do guía:

- O cumprimento integro desta norma.
- O coñecemento do plan de emerxencia e do protocolo a seguir en caso de emerxencia.
- Velar pola seguridade dos visitantes o longo da visita.

DEREITOS E DEBERES DOS VISITANTES

Art. 14.º. *Dereitos.*

Son dereitos dos visitantes:

- Recibir a información adecuada para realizar a visita.
- Recibir a información dos riscos específicos e os medios adecuados de protección persoal para realizar con seguridade a visita.
- Recibir os EPI necesarios para realizar a visita.

Art. 15.º. *Deberes.*

Son deberes dos Visitantes os seguintes:

- O cumprimento integro desta norma así como das indicacións e ordes que o guía dea o longo da visita.
- A presentación de todos datos ou documentos acreditativos que se solicitan para facer a visita.

INTERVENCIÓN E RESCATE

Art. 16.º *Intervención e rescate.*

O Concello de Mondoñedo suscribirá un convenio co grupo de rescate da asociación de bombeiros de Galicia para o desenrolo dun protocolo para casos de emerxencia así coma a realización dos posibles rescates que poidan producirse, quedando como número de emerxencias o 618292962

Art. 17.º *Funcións da Asociación de Bombeiros de Galicia.*

A Asociación de Bombeiros de Galicia actuará sempre a petición directa do guía, policía local, alcalde ou calquera outro integrante do goberno municipal, así coma da garda civil e 112.

Os integrantes desta asociación non so se encargaran das emerxencias, se non que darán a formación necesaria o guía en materia de rescate e salvamento. Ademais, tamén velaran polo cumprimento integro desta norma, dando parte os órganos de goberno municipais de calquera anomalía por parte dos usuarios.

Art. 18.º *Excepcións.*

Calquera suposto non contemplado no presente regulamento deberá ser analizado por individual e resolto en Xunta de Goberno Local sentando as bases para actuacións futuras no mesmo suposto.

Art. 19.º *Derogacións.*

Coa aprobación do presente regulamento quedan derogadas todas aquelas normas de uso anteriores que o contradigan.

ANEXO I

Declaracións xuradas visitantes con guía.

Eu D. /Dna. (Yo D. / Dña.)

con DNI_____declaro baixo xuramento que descoñezo padecer enfermidades cardiorespiratorias, enfermidades osteoesqueléticas ou fobias que podan dificultar ou impedir a miña visita á Cova do Rei Cintolo.

(declaro bajo juramento que desconozco padecer enfermedades cardiorespiratorias, enfermedades osteoesqueléticas o fobias que puedan dificultar o impedir mi visita a la Cova do Rei Cintolo)

En Mondoñedo, a.....de.....de 2.....

ANEXO II

Solicitudes para visitas espeleolóxicas sen guía

SR. ALCALDE / PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

D. /Dna.	
N.º Carné federación / Tipo licenza	DNI
Clube	Poboación e Provincia

Como responsable da visita espeleolóxica á Cova do Rei Cintolo que se pretende levar a cabo o día.....do mes de.....do ano.....

a partir das.....horas e ata as.....horas, solicito a chave da mesma para proceder á citada visita.

A relación de participantes que van a integrar o grupo, (incluíndo na relación ao responsable), todos con licenza federativa, son os que seguen:

	Nome	Tipo Licenza	DNI
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

INF= Infantil; XUV= Xuvenil; MAI =Maiores / Adultos

Todas as persoas antes indicadas dispoñen da licenza federativa válida para a práctica da Espeleoloxía, proporcionada pola Federación.....de Espeleoloxía, así como o correspondente seguro deportivo con vixencia na data de realización que cubre todos os riscos de accidentes, rescate, asistencia, evacuación e responsabilidade civil para todos os membros que participan nesta actividade.

En.....a.....de.....de 2.....

Asinado:.....

AS PERSOAS AUTORIZADAS
COMPROMÉTENSE EXPRESAMENTE A:

- Cumprir todas as normas establecidas polo Concello de Mondoñedo, ou aquelas que se establezan particularmente para o desenvolvemento das actividades obxecto da presente solicitude.
- Respetar o medio soterrado e o seu entorno.
- Dar todo tipo de facilidades ás autoridades competentes, para que se verifique o desenvolvemento da actividade e do cumprimento das normas xerais ou específicas das correspondentes autorizacións.
- Comunicar ás autoridades competentes todas aquelas situacións ou circunstancias que podan afectar á conservación das cavidades e o seu entorno.
- Non obter beneficio económico directo ou indirecto, nin ter obtido ningunha contía económica privada ou colectivamente derivada da visita á cavidade.
- Procuraranse que as horas de entrada e/ou saída dos grupos non coincidan cos grupos organizados polo concello para visitas á Galería Central (12:00, 17:00 e 18:30 horas). Así mesmo a visita á Galería Central (parte máis alta da cova) está restrinxida por esa mesma causa e nas mesmas horas. As visitas a esta zona por parte do Concello veñen ocupando un espazo aproximado dúas horas, a partires diso queda a zona tamén aberta a grupos de espeleoloxía.
- A chave recollerase na Policía Local de Mondoñedo (Casa do Concello) o mesmo día da actividade.
- As solicitudes presentaranse debidamente cumprimentadas perante a Policía Local no momento de recoller a chave.


Previamente remitirase a **data, a relación de participantes e o/a responsable** vía e-mail á seguinte dirección visitas.espeleo.reicintolo@gmail.com Esta relación deberá ser remitida con un mínimo de **48 horas antes** do día da visita e sempre antes das 14:00h do venres.

NORMAS XERAIS DAS VISITAS DEPORTIVAS:

- Non está permitido o uso de iluminación contaminantes (carburo). Soamente se pode empregar iluminación eléctrica.
- Os grupos de deportistas non serán superiores a 10 persoas. Permítense un máximo de 3 grupos á vez no interior da cavidade.
- Retirarase todo tipo de lixo que se atope no interior da cavidade.

En.....ade.....de 2.....

Asinado.:.....



En Mondoñedo, a 17 de xaneiro do 2011.- O Alcalde

R.0252

PANTON*Anuncio*

Téndose intentado a práctica da notificación sobre a instrucción de expediente por inclusións indebidas no Padrón de Habitantes, de:

-CARLOS BRIGANTY HUERTAS
-OBDULIA BLANCO NEIRA
-IAN STEWART GREIG
-EDWARD MARCK STIMPSON
-ALICIA BEATRIZ RODRÍGUEZ GIGLIONE
-FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BUCAN
-JOSEFA PEREZ CUDEIRO

e non tendo presentado nestas oficinas, alegacións sobre a súas inclusións nos seus enderezos.

E a teor do disposto no apartado II capítulo 2 da Resolución do 01/04/97, da Presidenta do INE e Director Xeral de Cooperación Territorial, na que se dictan instrucións técnicas sobre xestión do Padrón Municipal de Habitantes, comunícaselle, a través do presente anuncio, que segundo a proposta de variación remitida polo INE, deben causar baixa por inclusión indebida no Padrón de Habitantes deste Concello.

Contra esta medida, a persoa afectada, poderá presentar alegacións no prazo de 10 días contados a partir do seguinte á data da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, coa advertencia de que de non alegar no prazo indicado, o Concello proseguirá a tramitación da correspondente baixa por inclusión indebida no Padrón Municipal de Habitantes.

En Pantón, a 19 de xaneiro de 2011.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco

R.0253

RIBADEO*Anuncio*

Faise pública a resolución da Alcaldía de 18.01.2010 que dispón:

Pola Alcaldía-Presidencia á vista do escrito de 30 de decembro de 2010 do Grupo Municipal do Partido Popular no que se propón a esta Alcaldía, que o representante do Grupo referido sexa dona Ana María Docobo Fernández, en vez de D.José Carlos Rodríguez Andina.

Considerando, que de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei de Bases de Réxime Local os membros da Xunta de Goberno Local son nomeados e separados libremente pola Alcaldía dando conta ao Pleno,

RESOLVO:

1º. A separación de don José Carlos Rodríguez Andina, como membro da Xunta de Goberno Local, a tenor da petición voluntariamente formulada polo mesmo.

2º. O nomeamento de dona Ana Maria Fernández Docobo, como membro da Xunta de Goberno Local.

3º. A dación de conta ao primeiro Pleno que se celebre.

4º. A notificación aos interesados aos efectos legalmente procedentes e a publicación no BOP da provincia.

Ribadeo, 18 de xaneiro de 2011.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0254

ANUNCIO**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE CONVOCATORIA DE CONTRATOS DE TRABAJO TEMPORAIS "PLAN LUGO EMPREGA"**

Ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011 en colaboración coa Excmá. Deputación Provincial de Lugo,

RESOLVESE:

1º. Efectuar a convocatoria dos postos de traballo temporais que se citan e baixo as condicións seguintes:

- 1 Técnico de Cultura.
- 1 Técnico de Biblioteca (media xornada)
- 1 Operario de Servicios Múltiples (Area Concellerías Delegadas de Cultura e Deportes)
- 1 Técnico de Medio Ambiente
- 1 Chófer tractor-rozadora
- 2 Operarios de Servicios múltiples-Chófer camión.
- 7 Operarios Servicios múltiples (Area Concellería Delegada de Medio Ambiente)
- 1 Técnico Deportivo
- 4 Auxiliares de Axuda no fogar.
- 3 Operarios de Servicios múltiples (obras)
- 1 Auxiliar Administrativo.

2º. A convocatoria réxese polas Bases establecidas como modelo pola Excmá. Deputación Provincial de Lugo dispoñibles no Concello de Ribadeo, publicadas na páxina web do concello (www.ribadeo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello.

3º Os contratos realizaranse pola modalidade de contratación laboral de obra ou servizo determinado, tempo completo agás a praza de Técnico de Biblioteca, art.2 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, por prazo de 6 meses, e ao abeiro da subvención concedida para o Plan de Emprego Provincial 2011 (Plan Lugo Emprega).

4º As funcións obxecto dos contratos serán as propias de cada posto de traballo que figuran nos anexos.

5º A documentación poderá presentarse, a tenor da necesidade de posta en marcha inmediata do servizo, durante o prazo de CINCO DIAS hábiles contados dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo. De conformidade co esixido pola Deputación Provincial se establece a cláusula de imposibilidade de presentarse en mais dun proceso selectivo do Plan Lugo Emprega, sexa organizado o mesmo por un Concello ou pola Deputación Provincial.

6º Toda a información referente á tramitación e desenvolvemento destas convocatorias efectuarase mediante publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

7º. A publicación da composición do Tribunal de selección así como o lugar data e hora de realización da proba de coñecementos e entrevista curricular.

Ribadeo, 25 de xaneiro de 2011.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA, O SECRETARIO.- MANUEL J. DIAZ SÁNCHEZ

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CATEGORIAS QUE SE ESPECIFICARÁN, QUE PRESTARÁN SERVIZOS CON CARGO AO PLAN DE EMPREGO PROVINCIAL 2011 (PLAN LUGO EMPREGA) NO CONCELLO DE RIBADEO.-

1.- OBXECTIVOS E FINALIDADES DO PLAN DE EMPREGO PROVINCIAL 2011 (PLAN LUGO EMPREGA): O Plan de Emprego Provincial 2011 (Plan Lugo Emprega) ten como obxectivo principal reducir a taxa de desemprego na Provincia de Lugo. O seu contido consiste nunha actuación de cooperación da Deputación Provincial de Lugo cos concellos da provincia, esta acción está orientada a minorar os efectos negativos da actual situación económica e de desemprego no ámbito provincial. Esa finalidade concrétase, en primeiro lugar, en mitigar as necesidades económicas dos/as desempregados/as da provincia e favorecer a súa conexión co mercado laboral fomentando a súa reinserción laboral. En segundo lugar, contrarrestar a diminución de ingresos que veñen experimentando os concellos coa indubidable incidencia negativa na prestación dos servizos de competencia municipal.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA: As presentes bases establecerán o procedemento de selección para ocupar empregos laborais temporais ao obxecto de que os/as seleccionados/as presten os seus servizos no concello de Ribadeo con cargo ao Plan de Emprego Provincial 2011 (Plan Lugo Emprega).

O número de empregos que se convocan e as funcións a desempeñar, sinálanse no apartado a) do Anexo I das presentes bases.

Os/as traballadores/as seleccionados serán destinados a actuacións de conservación, mantemento e mellora de servizos públicos de competencia desta entidade local.

3.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: O Sr. Alcalde-Presidente ditará Resolución na que se convoque aos/ás interesados/as en participar no procedemento selectivo para ocupar os correspondentes empregos. A dita Resolución publicarase, xunto coas presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.ribadeo.org), así como no taboeiro de anuncios e na páxina web (www.deputacionlugo.org) da Deputación Provincial de Lugo.

4.- INCOMPATIBILIDADES: As persoas que obteñan os empregos a que se refire esta convocatoria estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determina a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e concordantes.

5.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES: Os/As aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo. Os/As aspirantes seleccionados/as acreditarán documentalmente estes requisitos, unha vez superadas as probas selectivas e con anterioridade a que se resolva o proceso selectivo polo concello correspondente.

A) Requisitos xerais:

a) De nacionalidade (segundo o establecido nos artigos 56 e 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público):

1. Ter nacionalidade española ou dos Estados Membros da Unión Europea.

2. Os cónxuxes dos españois e dos nacionais dos Estados membros da U.E., sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, calquera que xea a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

3. Os estranxeiros/as dun Estado non integrado na UE que teñan residencia legal en España.

b) De capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que se aspira.

c) De idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) De non separación nin inhabilitación para servizo público: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houber estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

B) Requisitos específicos:

a) Ser desempregado/a e estar inscrito/a nas oficinas de emprego da provincia de Lugo, acreditándose esta situación coa presentación da tarxeta de demanda actualizada ou mediante certificado expedido polo Director/a da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito.

b) Estar en posesión da titulación académica esixida no anexo I para cada posto de traballo ou titulación equivalente ou superior.

c) Dispór do permiso de conducir, no seu caso, que se especifiquen para cada praza.

6. - SOLICITUDES:

6.1.- **FORMA:** Os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo presentarán a solicitude no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases. O dito modelo atoparase na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, e na páxina web do Concello de Ribadeo (www.ribadeo.org) facilitándose tamén no Rexistro Xeral do concello de Ribadeo.

6.2.- **ÓRGANO A QUE SE DIRIXEN:** As instancias dirixiranse ao Ilmo Sr./Sr Alcalde de Ribadeo.

6.3.- **LUGAR DE PRESENTACIÓN:** Os/As aspirantes presentarán unha única solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo. Aqueles/as aspirantes que presenten máis dunha solicitude quedarán automaticamente excluídos do proceso selectivo.

6.4.- **PAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

6.5.- ERROS NAS SOLICITUDES: Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do/da interesado/a.

6.6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑARÁ NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE:

6.6.1.- Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte para os/as que posúan a nacionalidade española e para os/as nacionais dos Estados membros da Unión Europea, así como para os/as nacionais de Estados que manteñan Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexan de aplicación a libre circulación de traballadores. Os aspirantes estranxeiros, deberán presentar o permiso vixente de residencia legal en España que acredite a capacidade para ser contratado/a laboralmente.

6.6.2.- Certificado posterior á data da convocatoria de estar inscrito como desempleado nalgunha das oficinas de emprego da provincia de Lugo.

7.- DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

7.1.- DESIGNACIÓN: O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal de Selección, realizarase por Decreto/Acordo do Sr.Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao emprego que se convoca.

Non poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

7.2.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL: De acordo co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público o Tribunal na súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Os tribunais figuran como Anexo III destas bases.

Para cada membro do Tribunal desinaráse un suplente.

7.3.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN: Os membros do Tribunal absteranse de intervir cando concorran circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC).

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

7.4.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL:

O Tribunal de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará/n facultado/as para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nestas bases.

Os membros do Tribunal terán voz e voto.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7.5.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN: O Tribunal de Selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores cando o contido da proba demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como dispoñer dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control do desenvolvemento do proceso selectivo.

7.6.- PAGAMENTO DE ASISTENCIAS AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E DAS COMISIÓN DE SELECCIÓN: Os membros do Tribunal de Selección que se constituía, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizos, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante.

8.- O SISTEMA DE SELECCIÓN: O sistema de selección a empregar para a resolución do presente proceso de selección consistirá na realización polos/polas aspirantes dunha proba de coñecementos e na realización dunha entrevista curricular.

8.1.- PROBA DE COÑECEMENTOS: Consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre aspectos xerais de Administración Local, así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 30 minutos.

Cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 10 puntos, correspondéndolle ao Tribunal, cando o número de aspirantes sexa notoriamente elevado ou notoriamente baixo en relación aos empregos a cubrir, determinar o número de respostas esixido para acadala puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas se descontará unha correcta.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

8.2.- ENTREVISTA CURRICULAR: Consistirá na contestación a preguntas formuladas polos membros do Tribunal e consistirá en afondar sobre cuestión curriculares dos/as aspirantes coa finalidade de apreciar o grao de experiencia laboral en relación coas funcións á que optan, valorándose principalmente a aptitude e actitude para o emprego que se convoca. Non se formularán preguntas sobre aspectos persoais ou non relacionados cos empregos que se convocan.

A entrevista valorarase ata un máximo de 8 puntos.

A entrevista será obrigatoria.

8.3.- PUBLICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN E LUGAR, DATA E HORA DE REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTOS: A publicación da composición do Tribunal de Selección, así como o lugar, data e hora de realización da proba de coñecementos, realizarase no Boletín Oficial da Provincia, sen menoscabo da publicación no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial e na súa Páxina Web, así como no taboleiro e na Páxina Web do propio Concello. As ditas publicacións efectuarase cunha antelación mínima de 48 horas á realización da devandita proba de coñecementos.

9.- CUALIFICACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTOS E DA ENTREVISTA CURRICULAR:

9.1.- MODO DE CUALIFICACIÓN: As cualificacións adoptaranse sumando as puntuación outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes, sendo o cociente a cualificación definitiva.

9.2.- CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final determinarase pola suma das puntuacións obtidas na proba de coñecementos e na entrevista curricular, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

O obxecto de favorecer a integración da muller no mercado laboral, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres, este resolverase acudindo á antigüidade na inscrición como demandante de desemprego na correspondente oficina pública de emprego.

10.- LISTA DE APROBADOS/AS E PROPOSTA DE SELECCIÓN: O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados/as, formulará proposta de selección diante de Alcalde. Dita proposta non poderá superar o número de empregos convocados.

A proposta publicarase no Taboleiro de anuncios da Deputación Provincial e na súa web e no Taboleiro de anuncios e na web do Concello.

No obstante o anterior, no caso de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral de carácter temporal, o órgano de selección elaborara unha proposta complementaria (lista de reserva) co fin de asegurar a cobertura de todos os empregos convocados.

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN: Os/as aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro Xeral do concello respectivo a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificado de estar inscrito como desempregado nalgunha das oficinas de emprego da provincia de Lugo.
- c) Certificado Médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de dous días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de anuncios, prazo que poderá ampliarse cando os/as seleccionados/as acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presentarán, en tempo e forma, a documentación acreditativa requirida quedarán anuladas tódalas actuacións referidas a estes aspirantes, sen prexuízo das responsabilidades nas que puideran incurrir por falsidade na solicitude.

12. - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO LABORAL TEMPORAL: Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder aos empregos que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo formalizando o correspondente contrato laboral temporal por unha duración de seis meses cos/coas aspirantes propostos/as.

13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN:

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación. En canto ao relacionado con dirimir as controversias que se produzan na aplicación daquelas estarase aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

14.- RECURSOS: Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, resolución que pon fin a vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor recurso potestativo de reposición diante do Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación daquelas no Boletín Oficial da Provincia. Opcionalmente ou posteriormente, poderán interpoñer recurso Contencioso-Administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

15.- BASE FINAL: Os actos administrativos que se deriven das presentes bases e da actuación do Tribunal de Selección, poderán impugnarse polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade co esixido a esta Entidade Local pola Deputación Provincial de Lugo se establece a cláusula de imposibilidade de presentarse en máis dun proceso selectivo do Plan Lugo Emprega:

Tendo en conta os obxectivos e finalidades do "*Plan Lugo Emprega*", descritos no apartado 2 das bases polas que se establecen as normas para a selección de persoal, consistentes na minoración das consecuencias negativas da actual situación económica e de desemprego no ámbito provincial, co fin de posibilitar e facilitar a participación do maior número posible de desempregados/as, establécese que aquelas persoas desempregadas que soliciten participar nos procesos selectivos a celebrar nos concellos de Burela, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro, soamente poderán presentar unha única solicitude, xa que de presentala en máis dun concello, resultarán excluídos como aspirantes para participar nas probas selectivas que se celebren en calquera dos concellos asinantes do Convenio de Colaboración ao amparo do *Plan Lugo Emprega*, sexa organizado o proceso selectivo polos servizos dos concellos indicados ou ben sexa organizado pola Deputación para prestar servizo nos concellos do apartado A deste Anexo.

Ribadeo a 24 de xaneiro de 2011.-O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

ANEXO I

INFORMACIÓN RELATIVA AO NUMERO E CATEGORÍA DOS TRABALLADORES A CONTRATAR A EFECTOS DE QUE SEXA DESIGNADO UN REPRESENTANTE TITULAR E SUPLENTE EN CADA UN DOS ÓRGANOS ENCARGADOS DA SELECCIÓN DOS TRABALLADORES.

(apartado 1)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 TECNICO DE CULTURA.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Licenciatura Universitaria
FUNCIÓNS DO POSTO: Técnico de Cultura.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Cultura.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 2)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 TÉCNICO DE BIBLIOTECA (Media xornada)
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Diplomatura Universitaria
FUNCÍONS DO POSTO: Técnico de Biblioteca
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Cultura.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal (a media xornada) de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 3)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Certificado Estudios primarios.
FUNCÍONS DO POSTO: Operario para as Áreas de Cultura e Deportes.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Cultura.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 4)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 TECNICO DE MEDIO AMBIENTE.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Licenciatura Universitaria
FUNCÍONS DO POSTO: Técnico de Medio Ambiente.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Medio Ambiente.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 5)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 CHOFER DE TRACTOR CON ROZADORA.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Certificado de Estudios Primarios. Carnet de conducir que habilite para conducir tratores con rozadora.
FUNCÍONS DO POSTO: Chófer de trator con rozadora municipal.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Medio Ambiente.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 6)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 2 OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES PARA CONDUCIR CAMIÓNNS MUNICIPAIS.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO:

Certificado de estudios primarios e carnet de conducir de camiões
FUNCIÓNS DO POSTO: Chófer camiões municipais. (Funcións de chófer e operario indistintamente).
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Medio Ambiente.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 7)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 7 OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Certificado de estudos primarios e carnet de conducir clase B1
FUNCIÓNS DO POSTO: Operarios de Servizos Múltiples.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Medio Ambiente.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 8)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 1 TECNICO DEPORTIVO.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Ciclo Superior de Formación Profesional Actividades Deportivas
FUNCIÓNS DO POSTO: Coordinación Actividades deportivas e Pavillóns polideportivos.
ADSCRIPCIÓN: Concellería Delegada de Deportes.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 9)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 4 AUXILIARES DE FOGAR.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Formación Profesional Grao medio atención sociosanitaria ou equivalente e carnet de conducir clase B.
FUNCIÓNS DO POSTO: Atención axuda no fogar a persoas maiores.
ADSCRIPCIÓN: Alcaldía. Servizos Sociais municipais.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 10)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: 3 OPERARIOS SERVICIOS MULTIPLES (Obras).
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Certificado de estudos primarios e carnet de conducir clase B1.
FUNCIÓNS DO POSTO: Operarios de Servizos múltiples, podendo utilizar no seu caso vehículos municipais.
ADSCRIPCIÓN: Alcaldía e Concellerías delegadas.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

(apartado 11)

DENOMINACIÓN DOS POSTOS QUE SE CONVOCAN: AUXILIAR ADMINISTRATIVO.
TITULACIÓN REQUERIDA PARA CADA POSTO: Graduado Escolar. FP grao medio ou equivalente.
FUNCIÓNS DO POSTO: Auxiliar Administrativo Oficinas municipais.
ADSCRIPCIÓN: Oficinas municipais.
RELACIÓN XURÍDICA: Contrato laboral temporal de duración determinada formalizado entre o Concello de Ribadeo e a persoa seleccionada, ao abeiro do Plan Lugo Emprega 2011. O dito contrato de traballo de carácter temporal terá unha duración de 6 meses, dende o inicio da prestación de servizos.

ANEXO II
TRIBUNAIS

(APARTADO 1)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: TECNICO DE CULTURA.**PRESIDENTE:**Titular: D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez, Interventora Municipal.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico Admón. Xeral do Concello de Ribadeo.

VOGAIS:*Titular: D.Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.*Suplente: D^a Mónica Fernández Lamparte, Psicóloga do Concello.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J. Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón. Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 2)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 1 TECNICO DE BIBLIOTECA.**PRESIDENTE:**

Titular: Dona María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria Municipal.

Suplente: D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez,**VOGAIS:**

Titular: D. José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admon. Xeral do Concello

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J. Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Admón. Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 3)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 1 OPERARIO DE SERVICIOS MULTIPLES AREAS DE CULTURA E DEPORTES**PRESIDENTE:**

Titular: Don Alberto Moledo Losada, Responsable da OMIC.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de admon. Xeral do Concello.

VOGAIS:

Titular: D. Antonio Cuadrado García, Capataz municipal.

Suplente: D. Santiago López López, Chófer rozadora-Xefe de Grupo de Mº Ambiente.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J. Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 4)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 1 TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE.

PRESIDENTE:

Titular: Don Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: Dº Olalla Alvarez de Neyra Martínez, Interventora municipal.

VOGAIS:

Titular: D. José Rodil Veiga, Técnico de admon. Xeral do Concello

Suplente: D.ª Mónica Fernández Lamparte, Psicóloga do Concello de Ribadeo.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J. Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 5)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 1 CHOFER DE TRATOR CON ROZADORA.

PRESIDENTE

Titular: Don Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de admon. Xeral do Concello.

VOGAIS:

Titular: D. Santiago López López, Chófer rozadora-Xefe de Grupo de Mº Ambiente.

Suplente: D. Antonio Cuadrado García, Capataz municipal.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J. Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 6)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 2 OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES PARA CONDUCIR CAMIÓN S MUNICIPAIS.

PRESIDENTE

Titular: Don Francisco Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D. Antonio Cuadrado García, Capataz Municipal.

VOGAIS:

Titular: Don Xoan Monasterio López, Chófer municipal.

Suplente: D. José Luis Martínez Fernández, Chófer municipal.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.
Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 7)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 7 OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES.

PRESIDENTE

Titular: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D.José Rodil Veiga, Técnico de Admon. Xeral.

VOGAIS:

Titular: D.Santiago López López, Chófer rozadora-Xefe de Grupo de Mº Ambiente.

Suplente: D. Antonio Cuadrado Garcia, Capataz Municipal.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo
Suplente: Un representante da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.
Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 8)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 1 TECNICO DEPORTIVO.

PRESIDENTE

Titular: Don José Luis Gegunde López, Traballador Social.

Suplente: D.Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

VOGAIS:

Titular: D.ª Verónica Fernández Pérez, Responsableda OMIX de Ribadeo.

Suplente: D.Mónica Fernández Lamparte, Psicóloga drogodependencias.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo
Suplente: Un representante da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.
Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo

(APARTADO 9)

POSTO DE TRABALLO CONVOCADO: 4 AUXILIARES AXUDA NO FOGAR.

PRESIDENTE

Titular: Don José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello

Suplente: Dª Fiamma Prada Lens, Responsables de Educación familiar do Concello.

VOGAIS:

Titular: D.Mónica Fernández Lamparte, Piscóloga de Drogodependencias do Concello.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Admón.Xeral do Concello.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo
Suplente: Un representante da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.
Suplente: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 10)**POSTO DE TRABALLO CONVOCADO:** 3 OPERARIOS DE SERVICIOS MULTIPLES (OBRAS)**PRESIDENTE**

Titular: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal

Suplente: D.Xoan Antonio Monasterio López, Chófer municipal.

VOGAIS:

Titular: Don Antonio Cuadrado García, Capataz municipal.

Suplente: D.Manuel Ríos Fernández, Oficial albanel.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

(APARTADO 11)**POSTO DE TRABALLO CONVOCADO:** 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO.**PRESIDENTE**

Titular: D. Fidel Maañón López, Técnico de Admon. Xeral do Concello.

Suplente: Dª Olalla Alvarez de Neyra Martínez, Interventora Municipal.

VOGAIS:

Titular: Don José Vázquez Cupeiro, Administrativo do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dª Eliseo García-Bouso Martínez, Administrativo de Admón. Xeral do Concello.

Titular: Un representante da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Suplente: Un representante da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: D. Manuel J.Díaz Sánchez, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Admón..Xeral do Concello de Ribadeo.

ANEXO III**Plan Emprega.Calendario de tramitación e probas.**

Posto	Data	Hora
3 Oper. Mult.coche obras	7 FEBREIRO 2011 (Luns)	10,00 horas
1 Aux.Admvto.	7 FEBREIRO 2011(Luns)	18,00 horas.
1 Técnico Cultura	10 FEBREIRO 2011 (Xoves)	10,00 horas.
1 Técnico Biblioteca	10 FEBREIRO 2011 (Xoves)	18,00 horas.
1 Operario Mult.Cultura	11 FEBREIRO 2011 (Venres)	10,00 horas.
1 Tco.Mª Ambiente	16 FEBREIRO 2011 (Mércores)	10,00 horas.
1 Chófer rozadora	16 FEBREIRO 2011 (Mércores)	18,00 horas.
2 Oper. Mult.camión	17 FEBREIRO 2011 (Xoves)	18,00 horas.
7 Oper. Múltiples coche	17 FEBREIRO 2011 (Xoves)	10,00 horas.
1 Tco.Deportivo	21 FEBREIRO 2011 (Luns)	18,00 horas.
4 Aux.Axuda fogar	21 FEBREIRO 2011 (Luns)	10,00 horas.

Publicación lista de aprobados y Propuesta de selección (22 de febreiro de 2011-martes)

2 días hábiles para presentación de documentación por parte de aprobados (mércores 23 e xoves 24).

Resolución procedemento selectivo por Alcalde día 25 de febreiro (venres)

Comunicación a la Diputación Provincial de Lugo e sinatura contratos días 26 (sábado) e 28 (Luns).

ANEXO IV

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO SELECTIVO “PLAN LUGO EMPREGA”.
 CONCELLO DE

I.- DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN: _____

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- Ser desempleado e estar inscrito nas Oficinas Públicas de Emprego da provincia de Lugo.
- Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha discapacidade polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da discapacidade e a adaptacións que solicita).

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo correspondente.
, a de xaneiro de 2011.
 (Asinado)

De conformidade coa Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan na presente instancia serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Excm. Deputación Provincial de Lugo, e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixíndose ao Servizo de Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo, Rúa San Marcos nº 9, en Lugo.

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADEO.

R.0360

SAMOS*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 2 de decembro de 2010, o padrón municipal da Taxa por subministro de auga a Samos e as parroquias limítrofes, correspondentes ao 4º trimestre de 2009, expónse ao público polo prazo de 30 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado este prazo sen presentarse reclamación algunha, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro dos mesmos realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Pastor de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a esta publicación no BOP.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse

recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

En Samos, a 12 de xaneiro de 2011.- O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R.0255

XERMADE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía número 12 do 14 de xaneiro de 2011 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 4º trimestre do 2010, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcurrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 1 de febreiro e 31 de marzo de 2011, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

Xermade, 14 de xaneiro de 2011.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R.0256

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE MEDIO RURAL Y MARINO

CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL

Comisería de augas

Anuncio

Expediente: A/27/19632

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 23 de diciembre de 2011 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Jaime Díaz González, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,516 l/seg. de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 108 del polígono 43, en el lugar de Rabelas, parroquia de San Xoán de Veiga, T.M. de Chantada (Lugo) para riego de 1 ha perteneciente a la parcela catastral 105 del polígono 43..

Lugo, 14 de enero de 2011.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R.0244

Anuncio

Información pública

Dña. María Esther Paz López, con domicilio en O Castro, 2- Santa Cruz de Parga, 27305 - Guitiriz (Lugo), solicita la concesión de un caudal de 0,05 l/seg. de agua procedente de un pozo, en el lugar de O Castro, parroquia de Santa Cruz de Parga, T.M. de Guitiriz (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

La captación se realiza en un pozo artesano mediante una bomba de 1,5 CV de potencia del que parten 2 tuberías, una para la vivienda y otra para el establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado

plazo, en el Ayuntamiento de Guitiriz , o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta (Edificio M.O.P.T.), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 14 de enero de 2011.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R.0245

Anuncio

Expediente: A/27/13689

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 23 de diciembre de 2010 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Vicente Pérez Arias, la oportuna concesión para aprovechamiento de 1,39 l/seg. en temporada de riego de agua procedente del manantial denominado Fuente, en Carballedo, parroquia Penamayor, T.M. Becerreá (Lugo) para riego de 2,8796 Has. de las fincas Pradín, Tras do Prado y Tras da Fonte

Lugo, 14 de enero de 2011.-EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R.0246

CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA DEL CANTABRICO

Anuncio

Expediente: A/27/19061

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), modificado por el Real Decreto 606/2003 de 23 de mayo (B.O.E. de 6 de junio), por el Real Decreto 9/2008, de 11 de enero (B.O.E. de 16 de enero de 2008) y por Real Decreto 367/2010 (B.O.E. de 27 de marzo de 2010); se hará público para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 29 de octubre de 2010 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Luis Pérez González, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de 0,201 l/seg procedente del manantial Fonte da Perdiz en el paraje de Narvaso lugar de Castelo de Casi, T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a uso doméstico, regadío y ganadero.

Oviedo.- EL JEFE DE AREA, José Peña Castiñeiras

R.5780

Anuncio

Información pública

Expediente: A/27/19805

Asunto: Solicitud de Concesión de un aprovechamiento de aguas. Peticionario: Manuel Herbón Fernández.

N.I.F. nO: 33816152 B

Domicilio: CI\ San Casirniro., 21- 10 1ª - 08290 - Cerdanyola del Valles (Barcelona).

Nombre del río o corriente: Sondeo.

Caudal solicitado: 1.000 l/día.

Punto de emplazamiento: Parcela 164 del polígono 26 (Santalla).

Termino Municipal y Provincia: Cervantes (lugo).

Destino: Abastecimiento de agua a una vivienda.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Sondeo de 40 m. de profundidad e impulsión por bombeo

lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Cervantes**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nO 2, -33071-0VIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL COMISARIO DE AGUAS, P.O. EL TITULADO SUPERIOR, Pedro Granda Rodríguez

R.5583

Anuncio

Expediente número: A/27/19807

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Manuel Rivas Iravedra.

N.I.F. nO: 33737690 W

Domicilio: Santa Marta de Meilán Santa Marta de Meilán 27745 - Riotorto (Lugo).

Nombre del río o corriente: Manantial "Fuente Santa".

Caudal solicitado: 0,0125 l/seg ..

Punto de emplazamiento: Parcela1434 del polígono 8 Santa Marta (Meilán).

Término Municipal y Provincia: Riotorto (Lugo).

Destino: Abastecimiento de agua a dos viviendas.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Tubo dren, arqueta de toma, depósito regulador y conducción por tubería a las viviendas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA OÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial del Principado de Asturias, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Riotorto, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nO 2, -33071-0VIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R-6675
